



RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA LABORAL



PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE



INSERCIÓN LABORAL DA FORMACIÓN PARA O EMPREGO



SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS



OUTROS ESTUDOS E INFORMES

Recoñecemento da Experiencia Profesional (REXP)

GALICIA ACREDITA O TEU FUTURO

www.emplo.ceei.xunta.gal



RECOÑECIMENTO
EXPERIENCIA
PROFESIONAL

FASE 1: INSCRIPCIÓN



FASE 2: ASESORAMENTO



FASE 3: AVALIACIÓN



SIMULACIÓNS



ENTREVISTAS



OBSERVACIÓN NO
POSTO DE TRABALLO



FASE 4: ACREDITACIÓN



Recoñecemento da Experiencia Profesional (REXP)

Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se realiza a convocatoria pública do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais

DOG núm. 5, do 11 de xaneiro de 2016

A Consellería de Economía, Emprego e Industria convocou a principios deste ano unha nova convocatoria do procedemento de recoñecemento da experiencia profesional.

Esta 8ª convocatoria, xestionada polo Instituto Galego das Cualificacións, confirma a aposta da Xunta de Galicia por favorecer a empregabilidade das persoas traballadoras a través da consecución dunha acreditación oficial con validez en todo o territorio do Estado.

Nesta última convocatoria séguese a fomentar a acreditación no eido da atención sociosanitaria con 1.101 prazas convocadas.

Como novidade este ano incorpóranse as cualificacións profesionais de “aproveitamentos forestais”, da que se convocan 100 prazas, e “tanatopraxia” cunha oferta de 150 prazas.

2.171 prazas

8.198 unidades de competencia

Cualificación profesional	Prazas
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	646
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	455
Servizos para o control de pragas	50
Xestión de servizos para o control de organismos nocivos	50
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	200
Socorrismo en instalacións acuáticas	200
Extinción de incendios e salvamento	250
Confección e mantemento de artes e aparellos	70
Aproveitamentos forestais	100
Tanatopraxia	150



10ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave

O día 28 de xuño a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral publicou os resultados definitivos da 10ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave (Resolución do 26 de febreiro de 2016, DOG núm. 49 do 11 de marzo).

Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO para o nivel 2 ou bacharelato para o nivel 3) requiridos para acceder aos cursos asociados aos novos certificados de profesionalidade.

Esta convocatoria reafirma o propósito da Consellería de Economía, Emprego e Industria de fomentar a calidade da formación profesional para o emprego, mellorando o perfil profesional das persoas e motivándoas para progresar no eido do emprego e da formación, co obxectivo final de acadar a inserción profesional no mercado laboral.

Pode consultar toda a información do procedemento de probas de competencias clave no portal de emprego:

<http://emprego.ceei.xunta.gal/portada-competencias-clave>

Resultados das probas

Houbo 2.899 solicitudes e fixéronse en total 6.294 probas. Como é sendo habitual, as competencias clave máis demandadas foron ás de Matemáticas, Lingua castelá e Lingua galega de nivel 2.

A porcentaxe de aptos sitúase nun 75,49 % para o conxunto das probas de nivel 2 e nun 57,29% nas probas de nivel 3.

COMPETENCIAS CLAVE	NIVEL 2			NIVEL 3		
	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS
Galego	1.372	1.071	78,06%	354	243	68,64%
Castelán	1.427	1.207	84,58%	373	253	67,83%
Matemáticas	1.476	1.258	85,23%	373	220	58,98%
Inglés	682	206	30,21%	237	50	21,10%
TOTAIS	4.957	3.742	75,49%	1.337	766	57,29%



INSERCIÓN LABORAL DA FORMACIÓN PARA O EMPREGO - CURSOS 2014

O Instituto Galego das Cualificacións publicou en xuño deste ano o informe de “Inserción laboral da formación para o emprego”.

A avaliación dos cursos de formación para o emprego contribúe ao incremento da eficacia e da calidade dos programas executados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, favorecendo deste xeito a mellora da cualificación profesional e polo tanto das oportunidades de colocación dos traballadores e das traballadoras desempregados.


Con este informe preténdese coñecer o nivel de inserción laboral conseguido polo alumnado formado e a conseguinte influencia que no logro dela poida constituír o feito de ter participado nos cursos de formación.

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS DO INFORME

Durante o ano 2014 formáronse a 8.714 alumnos/as, cunha inserción bruta do 56%, porcentaxe que mellorou o resultado acadado o ano anterior.

O 64% deste alumnado atopou traballo dentro dos seis meses posteriores ao curso.

Datos FORMACIÓN/INSERCIÓN por provincias



No ano 2014 impartíronse cursos en 24 familias profesionais, destacando polas súas insercións brutas e netas as seguintes:

Dúas das familias con maior volume de alumnado: Servizos Socioculturais e á Comunidade e Hostalaría e Turismo, reflicten importantes porcentaxes de inserción, tanto bruta como neta.

Inserción bruta	Inserción neta
Transporte e <u>Mantemento de Vehículos</u> (67%)	<u>Hostalaría e Turismo</u> (45%)
<u>Servizos Socioculturais e á Comunidade</u> (64%)	<u>Servizos Socioculturais e á Comunidade</u> (37%)
<u>Hostalaría e Turismo</u> (56%)	
MEDIA GALEGA	
56%	21%

SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCASIS 2016

Este estudo persegue dar a coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas e proporcionarles esa información aos profesionais do emprego, da formación e da orientación laboral.

COMARCA DE TERRA DE CELANOVA

20 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MELLORES PERSPECTIVAS LABORAIS

OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:


- Promotores de venda
- Axudantes de cociña
- Peóns forestais e da caza
- Peóns gandeiros
- Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
- Mestres de educación infantil
- Técnicos en instalacións de produción de enerxía

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:

- Camareiros asalariados
- Vendedores en tendas e almacéns
- Traballadores dos coidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes⁷⁷
- Peóns da construción de edificios

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Empregados domésticos
- Condutores asalariados de camións
- Peóns de obras públicas
- Condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas
- Traballadores cualificados en hortas, invernadoiros, viveiros e xardíns
- Bombeiros forestais
- Coidadores de nenos en gardarías e centros educativos
- Panadeiros, pasteiros e confeiteiros
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria



Publicación de carácter anual con información referida aos grupos ocupacionais que representan unha maior ocupabilidade laboral.


⁷⁷ Coidadores de centro sanitario e/ou padaleiros; coidadores de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais.

PROFESIÓN REGULADAS (actualización maio 2016)

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias profesionais

Neste informe, de revisión permanente, o Instituto Galego das Cualificacións presenta un inventario, así como unha análise pormenorizada que pode servir de información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional. Por outra banda, a vinculación existente entre estas habilitacións e a formación adquirida a través dun certificado de profesionalidade xustifica a información engadida, de ser o caso, sobre a relación directa ou indirecta destes coa obtención dunha acreditación para traballar.

Desde o 20 de outubro de 2007, o recoñecemento das cualificacións profesionais permite que o beneficiario poida acceder, no Estado membro de acollida, á profesión para a que estea cualificado e exercela nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado membro cando neste último estea regulada.



FICHAS DO MERCADO LABORAL GALEGO

Análise gráfica da realidade propia da comunidade galega tendo en conta os datos de poboación, contratación e paro rexistrado

FICHA DO MERCADO LABORAL GALEGO

Estudo polo miúdo do mercado laboral na Comunidade Autónoma de Galicia, achegando datos de poboación, paro rexistrado e contratación.



FICHAS DOS COLECTIVOS NO MERCADO LABORAL GALEGO

Información sobre as variables básicas do mercado laboral nos colectivos de mulleres traballadoras, menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros.



FICHAS PROVINCIAIS DO MERCADO LABORAL GALEGO

Información estruturada en fichas que proporciona datos de poboación, paro rexistrado e contratación das catro provincias galegas.



FICHAS COMARCAIS DO MERCADO LABORAL GALEGO

Estudo pormenorizado do mercado laboral galego nas 53 comarcas da Comunidade Autónoma de Galicia.



galicia



XUNTA
DE GALICIA